

Programa Básico de Inserción Social

O Programa *Básico de Inserción Social* ten como **obxectivos**:

- a. **Detectar e valorar as situacións** de persoas, grupos ou áreas territoriais en situación **de risco de exclusión**.
- b. **Participar** no procedemento de **asignación das prestacións económicas** de inclusión social referidas no número I do artigo 18 da Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia, destinadas as necesidades pecuniarias básicas e a estimular a incorporación social e laboral.
 - a. Para elo **analizarán o perfil sociolaboral** de cada caso e **expedirán os informes e propostas** de derivación e idoneidade do recurso que se establezan no procedemento.
- c. Favorecerán o **desenvolvemento dos itinerarios personalizados de inclusión**, coordinando a súa actuación profesional tanto co servizo público de emprego como cos servizos sociais comunitarios específicos para a inclusión social.
- d. Desenvolverán actuacións en relación co **seguimento e revisión das prestacións económicas** establecidas.